



## **BASES PARA O FUNCIONAMENTO DO VIVEIRO DE EMPRESAS DO CONCELLO DA ESTRADA**

### **I.- CONCEPTO E CARACTERÍSTICAS**

#### **I.a) Obxecto**

A creación dun Viveiro de Empresas no edificio do NOVO MERCADO constitúe o intento do Concello da Estrada por fomentar o emprendemento entre a cidadanía mediante a posta á súa disposición dunhas infraestruturas físicas e dunha serie de servizos orientados a crear un contexto que reforce as probabilidades de éxito dun negocio e a supervivencia do mesmo nos difíciles momentos do seu arranque.

#### **I.b) Ubicación e estrutura**

O remozado edificio do NOVO MERCADO, que acollerá ao Viveiro de Empresas, está ubicado entre as rúas Waldo Álvarez Insua, Padrón e a Praza do Mercado. Dende esta última accederase ás instalacións do Viveiro (por escaleira ou ascensor), que está situado no primeiro andar, ao igual que o Aula de Estimulación Cognitiva e o futuro Centro de Atención aos Maiores.

As instalacións do Viveiro de Empresas, dotadas de luz natural e ventanais á Praza de Martínez Anido e á rúa Waldo Álvarez Insua, suman unha superficie de 250,78 metros cadrados distribuída do seguinte xeito:

- Viveiro de Empresas e sala de creación de emprego: 201,13 m<sup>2</sup>
- Sala de actividade empresarial (espazo de reunións e aula de formación): 51,17 m<sup>2</sup>
- Patio anexo: 17,48 m<sup>2</sup>

Tendo en conta a superficie existente, e en función do número de solicitudes que se reciban na primeira convocatoria, proponse establecer o modelo de Viveiro como un espazo aberto de “co-working”, complementado coa sala de actividade empresarial para reunións privadas.

#### **I.c) Réxime de ocupación**

Como centro de acollida temporal, cederanse despachos durante períodos determinados e definidos claramente.

A concreción das condicións de cesión así como os deberes e dereitos das empresas detallaranse na normativa do Viveiro.

#### **I.d) Normativa**

O Viveiro de Empresas, ademais de rexirse polos preceptos legais vixentes que lle concernen, estará soportado polas seguintes normativas:

- 1) Bases de funcionamento do Viveiro de Empresas.
- 2) Regulamento de réxime interior do Viveiro de Empresas.
- 3) Contrato de cesión de locais do Viveiro de Empresas.
- 4) Contrato de prestación de servizos e uso das instalacións comúns do Viveiro de Empresas.
- 5) Convenio de colaboración entre o Concello da Estrada e as Asociacións que forman parte da Comisión Executiva e de Seguimento.

## **II. OBXECTIVOS**

O Concello da Estrada ten entre as súas competencias xerais o desenvolvemento de políticas municipais en materia de promoción económica para favorecer a xeración de oportunidades profesionais e empresariais e a creación de postos de traballo dentro do termo municipal.

O obxectivo xeral e de partida deste proxecto é convertelo nun centro de apoio ao nacemento e á consolidación de empresas, así como nun espazo de fomento do espírito emprendedor e de mellora da competitividade e a innovación nas micro-pemes e pemes.

Os **obxectivos xerais** do Viveiro son:

- Contribuír ao nacemento, arranque e consolidación de novas empresas.
- Favorecer a xeración de postos de traballo.
- Promover a diversificación da estrutura produtiva local, favorecendo a instalación de empresas de carácter innovador.
- Crear un medio idóneo en condicións de prezos e servizos que permita ás iniciativas empresariais desenvolver o seu Plan de Empresa para que, cun tempo de estancia limitado, estean en situación de competir e actuar en condicións do mercado.
- Ser un instrumento de apoio eficaz para aquelas iniciativas empresariais que, polas características da súa actividade, non precisan dun gran espazo físico de ubicación, pero si da infaestruturas, a loxística e os servizos que oferta o Viveiro de Empresas.
- Contribuír ao desenvolvemento e á dinamización do Concello da Estrada e das instalacións do Novo Mercado.

## **III. SERVIZOS DO VIVIEIRO DE EMPRESAS**

O Viveiro de Empresas ofrece os seguintes servizos:

- 1.- Oficinas en co-working dunha superficie aproximada de 25 metros cadrados, equipadas con mobiliario (mesa, cadeiras, caixoneira e estantería) e dotación de infraestrutura de iluminación, electricidade, climatización, teléfono e comunicacións.
  - 2.- Áreas e servizos comúns sen coste adicional.
- Sala de reunións / Aula formativa (equipadas con mesas, cadeiras e retroproector e/ou pantalla).
    - Iluminación.
    - Climatización.

- Limpeza e mantemento.
- Equipo de autoreprografía (impresión e fotocopiadora), fax e escáner ( as copias correran a cargo de cada un dos ocupantes dos espazos do viveiro.
- Liña telefónica.

#### IV) BENEFICIARIOS E REQUISITOS

Poderán optar aos servizos do Viveiro de Empresas:

##### 1. As empresas de nova creación, entendéndose por tales aquelas:

- **Empresas en proxecto:** Que se constituán legalmente no prazo máximo de tres meses dende a súa instalación no Viveiro. Neste caso o contrato terá unha duración máxima de tres meses, podendo prorrogarse este prazo en caso de que se proceda á constitución legal da empresa e o proxecto empresarial se considere viable (pola vía ordinaria).
- **Empresas novas:** Que comecen a súa actividade económica coa instalación no Viveiro de Empresas.
- **Empresas recentes:** Aquelas cuio inicio da actividade teña tido lugar como máximo, nos dous anos anteriores á data de solicitude de admisión no Viveiro.

A efectos de determinación do inicio da actividade considerarase a data de alta na Declaración Censal.

##### 2. Empresas xa constituídas con unha antigüidade máxima de dous anos, filiales, delegacións ou sucursais da empresa matriz.

##### 3. As Fundacións, Asociacións, Federacións, Clusters ou calquera outra entidade de base asociativa de carácter empresarial.

A efectos de aplicación das tarifas por servizos só terán a consideración de viveiristas aquelas que cumpran os requisitos necesarios para ser consideradas como empresas de nova creación.

#### Requisitos mínimos para o caso de empresas:

1. Ser empresas xa constituídas ou de nova creación, nos termos anteriormente apuntados.
2. Ter o domicilio da actividade no municipio da Estrada. Non obstante, permitirase a ubicación física de empresas que non teñan o domicilio social e/ou da actividade na Estrada, sempre que existan espazos dispoñibles e condicionado ao carácter preferente que ostentarán aquelas empresas que sí o teñan.
3. Non desenvolver actividades nocivas, insalubres ou perigosas.
4. Adicarse a tarefas de servizos de calquera actividade empresarial.
5. Para o caso de empresas de nova creación, presentar un proxecto que avale a súa viabilidade económica.

#### V.- ORGANIZACIÓN E ESTRUCTURA

##### A) ORGANIZACIÓN

O Viveiro de Empresas non dispón de personalidade xurídica propia, se non que forma parte dos servizos do Concello da Estrada, polo que lle é de aplicación a normativa que rexe para dita Administración, sendo o propio Concello o titular a todos os efectos.

## **B) ENTIDADES COLABORADORAS**

Dadas as características do Viveiro de Empresas, e aínda cando a titularidade última do mesmo corresponde ao Concello da Estrada, no funcionamento do mesmo poderán colaborar de forma prioritaria aquelas institucións ou entidades (locais, provinciais, rexionais ou estatais) que contribúan á súa financiación e mantemento.

## **C) COMISIÓN EXECUTIVA E DE SEGUIMENTO DO VIVEIRO**

1. A Comisión estará formada polos seguintes membros, con voz e voto:
  - O Concelleiro/a de Promoción Económica, Emprego e Comercio do Concello da Estrada.
  - Un/ha representante da Asociación de Xóvenes Empresarios de Pontevedra.
  - Un/ha representante da Asociación Comarcal de Empresarios.
  - Un/ha representante da Asociación de Comerciantes da Estrada.
2. A Comisión Executiva e de Seguimento terá carácter institucional e reunirse a lo menos unha vez ao ano.
3. Nas reunións da Comisión Executiva e de Seguimento actuará como Secretario o Responsable do Viveiro, levantando acta das mesmas.

O Concello da Estrada ostenta e desenvolve, a dirección da actividade do Viveiro de Empresas, para o que poderá adoptar cantas decisións sexan necesarias, incluíndo a posibilidade de concertar mediante convenios e contratos aquelas partes do seu funcionamento que considere que poden mellorar a eficacia e a eficiencia no seu funcionamento.

### 4. As súas funcións principais serán:

- Ditará as instrucións que estime procedentes para o bo uso das instalacións e servizos.
- Proporá a normativa do Viveiro, adaptará e actualizará no transcurso do tempo.
- Velará pola publicidade e o cumprimento das normas de funcionamento.
- Aprobá os beneficiarios do Viveiro, en cumprimento da normativa establecida, respetando os principios de igualdade e publicidade.
- Contratará os servizos e subministros comúns.
- Resolverá calquera eventualidade que se produza no Viveiro.
- Poderá establecer unha Comisión Técnica con carácter asesor.

5. Reunirse con carácter ordinario unha vez cada seis mes e con carácter extraordinario cando sexa necesario.

## **E) HORARIO DO VIVEIRO:**

O horario do funcionamento do Viveiro é o seguinte:

	<b>LUNS A VENRES</b>	<b>SÁBADOS</b>
<b>HORARIO DO VIVEIRO</b>	De 8 a 20 horas continuo	De 9 a 14 horas
<b>HORARIO DE OFICINA</b>	De 8 a 14 horas De 16 a 20 horas	De 9 a 14 horas

## **VI) PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN DE BENEFICIARIOS:**

### **Criterios para a selección de proxectos**

Para a selección dos proxectos teranse en conta os seguintes criterios:

**Criterio 1:** Proxectos empresariais sen alta ou constitución formal promovidos por persoas ou grupos de persoas non constituídas como empresas, pero que no prazo de 3 meses dende a notificación da resolución sobre a autorización de uso de oficinas, presenten xustificación de comezo da actividade. (20 puntos).

**Criterio 2:** Fomento do autoemprego en colectivos ( ata 20 puntos)

Se o promotor pertence a algún dos colectivos que se sinalan a continuación outorgarase os seguintes puntos:

Mozos/as menores de 30 anos: 5 puntos.

Mulleres: 5 puntos.

Maiores de 45 anos: 5 puntos.

Persoas cun grao de discapacidade igual ou superior ao 33%: 10 puntos.

**Criterio 3:** Tipoloxía e fundamentación da actividade a desenvolver (ata 15 puntos)

Empresas ou proxectos empresariais pertencentes a sectores relaciondos cos novos xacementos de emprego.

Este criterio acreditarase coa presentación da escritura de constitución e documentos dos rexistros de inscrición obrigatoria.

**Criterio 4:** Maior tempo en situación de desemprego do/s emprendedor/es na actualidade. Outorgarase dende 1 punto si o tempo de desemprego é inferior a 3 meses e 4 puntos cando o tempo sexa superior a 12 meses, esta puntuación irase incrementando en función do número de socios promotores ata un máximo de 3 socios e de 10 puntos.

	1 persoa	2 persoas	3 persoas
Menos de 3 meses	1 Punto	2 Puntos	3 Puntos
de 3 a 6 meses	2 Puntos	4 Puntos	5 Puntos
de 6 a 12 meses	3 Puntos	6 Puntos	8 Puntos
Máis de 12 meses	4 Puntos	8 Puntos	10 Puntos

**Criterio 5:** Que o domicilio fiscal da empresa sexa A Estrada (10 puntos).

Outorgaranse 10 puntos a aquelas empresas, empresarios, profesionais e autónomos que acrediten ter o seu domicilio fiscal en A Estrada.

Total puntos a acadar: 75 puntos.

### **Proceso:**

O proceso de convocatoria é un proceso continuo e aberto a través da convocatoria pública, unha vez aprobadas as presentes bases, publicaranse nas páxinas web do Concello: [www.aestrada.com](http://www.aestrada.com) e [www.emprego.aestrada.com](http://www.emprego.aestrada.com), no taboleiro de anuncios do Concello e do Viveiro e a través dun anuncio en 2 xornais de gran tirada a nivel local.

Establecerase un **proceso excepcional de selección no momento de apertura do Viveiro de Empresas**, dado que, neste primeiro momento enténdese que todos os espazos están dispoñibles polo que os interesados/as deben:

1) Presentar no Rexistro Xeral do Concello da Estrada a **SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS** (dispoñible nas dependencias do Concello, nas instalacións do viveiro e nas páxinas web do concello [www.aestrada.com](http://www.aestrada.com) e [www.emprego.aestrada.com](http://www.emprego.aestrada.com) xunto coa seguinte documentación:

1. Memoria do proxecto. A tal efecto o Concello da Estrada proporcionará aos interesados un modelo de Memoria orientativo, non obstante o cal, os aspirantes poderán engadir ou xuntar calquera documento, plano, boceto etc, que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.
2. Documentación persoal, tanto do solicitante como dos eventuais socios, partícipes e/ou integrantes do proxecto, composta por:
  - Fotocopia do DNI.
  - Fotocopia da escritura pública de constitución,
  - Modelo 036/037.
  - Vida laboral.
  - Certificado de estar ao corrente dos pagos coa Comunidade Autónoma de Galicia, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social e o Concello da Estrada.
  - Declaración data prevista de inicio da actividade.

Non obstante, a Comisión Executiva e de Seguimento, poderá solicitar outra documentación que considere de interés para a mellor avaliación dos proxectos empresariais que se presenten.

2) Unha vez haxa un número de solicitudes suficiente para poder valorar os proxectos en función dos criterios fixados nestas bases, a Comisión Executiva e de Seguimento fixará unha data de reunión para a valoración e selección dos proxectos da cal sairá a asignación dos diferentes espazos.

3) O/a promotor/a do proxecto que teña sido seleccionado, deberá confirmar o seu interés polo módulo asignado, firmando o contrato de cesión co Concello da Estrada nun prazo non superior a 15 días hábiles dende a comunicación polo Responsable do Viveiro. En caso de non ser así, ofrecerase o seu espazo ao seguinte proxecto que resultase seleccionado.

### **VI.1) SUPOSTOS DE UBICACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS DE RECENTE OU NOVA CREACIÓN**

A selección de proxectos para a utilización do Viveiro realizarase segundo se expón a continuación.

- Os interesados deberán presentar o Rexistro Xeral do Concello da Estrada a **SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS** (dispoñible nas dependencias do Concello, nas instalacións do viveiro e nas páxinas web do concello [www.aestrada.com](http://www.aestrada.com) e [www.emprego.aestrada.com](http://www.emprego.aestrada.com) .
- A solicitude de espazo no Viveiro de Empresas poderá ser suscrita por UN OU VARIOS SOLICITANTES, PERSOAS FÍSICAS OU XURÍDICAS, sende éste/éstos quen/quens asuman frenta ao Concello da Estrada o réxime de dereitos e obrigas derivados do contrato de cesión. Non obstante o/os solicitante/es poderán incluír nos seus proxectos a outros socios, participantes e/ou integrantes do proxecto, todos os cales deberán estar identificados cos seus datos persoais e, no caso de resultar seleccionados, deberán firmar o contrato de cesión co solicitante en sinal de aceptación conxunta e solidaria do seu réxime de dereitos, obrigas e deberes.
- No prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte á data de rexistro de entrada, o Responsable do Viveiro informará ao solicitante da dispoñibilidade ou non de módulos libres.
- No caso de existir módulos libres, emplazarase ao solicitante para que no prazo máximo de 5 días hábiles, presente no Rexistro do Concello, a seguinte documentación:
  3. Memoria do proxecto. A tal efecto o Concello da Estrada proporcionará aos interesados un modelo de Memoria orientativo, non obstante o cal, os aspirantes poderán engadir ou xuntar calquera documento, plano, boceto etc, que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.
  4. Documentación persoal, tanto do solicitante como dos eventuais socios, partícipes e/ou integrantes do proxecto, composta por:
    - Fotocopia do DNI.
    - Fotocopia da escritura pública de constitución,
    - Modelo 036/037.
    - Vida laboral.
    - Certificado de estar ao corrente dos pagos coa Comunidade Autónoma de Galicia, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social e o Concello da Estrada.
    - Declaración data prevista de inicio da actividade.

Non obstante, a Comisión Executiva e de Seguimento, poderá solicitar outra documentación que considere de interese para a mellor avaliación dos proxectos empresariais que se presenten.

- Unha vez entregada a documentación e, no caso de que se considere necesario, o Responsable do Viveiro manterá unha entrevista persoal cos solicitantes para dispoñer de todos os datos que necesite a Comisión e poder tomar en base a eles unha decisión.
- A Comisión Executiva e de Seguimento valorará os proxectos e deberá dictaminar as solicitudes presentadas nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a presentación da documentación solicitada e presentada no Rexistro de Entrada do Concello da

Estrada, en base aos criterios de selección establecidos anteriormente.

- A Comisión Executiva e de Seguimento valorará o informe presentado polo responsable do Viveiro en relación ao proxecto empresarial de que se trate, analizando os diversos aspectos que servirán de base á selección de proxectos. Ditos informes terán carácter confidencial, e soamente terán acceso aos mesmos as persoas que interveñan no proceso de selección, estando estas obrigadas a manter o seu contido en segredo.
- Analizados os proxectos presentados, A Comisión Executiva e de Seguimento tomará a decisión final.
- O promotor do proxecto que teña sido seleccionado, deberá confirmar o seu interese polo módulo asignado, firmando o contrato de cesión co Concello da Estrada nun prazo non superior a 15 días hábiles dende a comunicación polo Responsable do Viveiro. En caso de non ser así, ofrecerase o seu espazo ao seguinte proxecto que resultase seleccionado.
- No caso de que non existisen módulos libres no momento da solicitude, o responsable do Viveiro informará aos solicitantes sobre o prazo aproximado no que poden quedar módulos libres e ofrecerá a posibilidade de formar parte dunha lista de espera
- A lista de espera non establecerá ningún tipo de orde preferente ante as asignacións dos módulos que pudesen quedar dispoñibles, sendo a Comisión Executiva e de Seguimento a encargada de decidir de entre os proxectos e/ou solicitudes que compoñen a lista de espera os que participarán no proceso de valoración e asignación de ditos módulos.
- A lista de espera manterase permanentemente actualizada por parte do responsable do Viveiro.

## **VI 2) SUPOSTO DE UBICACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS EN PROXECTO:**

- Os interesados deberán presentar no Rexistro do Concello da Estrada a **SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS**, nun impreso normalizado que se facilitará no mesmo, no propio viveiro e nas webs do Concello [www.aestrada.com](http://www.aestrada.com) e [www.emplo.aestrada.com](http://www.emplo.aestrada.com) .
- Deberán acompañar a solicitude unha Memoria inicial de actividade.
- Presentada a documentación e, sempre e cando existan módulos libres, a ubicación farase de forma inmediata, dispoñendo o emprendedor dun período máximo de tres meses nos cales poderá beneficiarse da infraestrutura, lóxística e servizos do Viveiro, ao tempo que recibirá o asesoramento e apoio necesario para o desenvolvemento do seu plan de viabilidade.

Pasado este tempo, se finalmente decide constituir legalmente a súa empresa e iniciar a súa actividade empresarial poderá continuar a súa estancia no viveiro, sempre e cando o seu proxecto teña sido revisado e informado favorablemente polo Comisión Executiva e de Seguimento segundo o procedemento fixado no punto VI1.

## **VI 3) SUPOSTOS DE UBICACIÓN FÍSICA DE EMPRESAS CON PERÍODO DE**



## **CONSTITUCIÓN NON SUPERIOR AOS DOUS ANOS, FILIALES, DELEGACIÓNS OU SUCURSAIS DE EMPRESAS, FUNDACIÓNS, ASOCIACIÓNS, CLUSTERS OU CALQUERA OUTRA ENTIDADE DE BASE ASOCIATIVA DE CARACTER EMPRESARIAL.**

- Os interesados deberán presentar no Rexistro de Entrada do Concello da Estrada a **SOLICITUDE DE ESPAZO DO VIVEIRO DE EMPRESAS**, nun impreso normalizado que se facilitará no mesmo, no propio viveiro e nas webs do Concello [www.aestrada.com](http://www.aestrada.com) e [www.emplo.aestrada.com](http://www.emplo.aestrada.com) .
- No prazo de 15 días hábiles, a contar dende o día seguinte a data de rexistro de entrada, o responsable do Viveiro informará ao solicitante da dispoñibilidade ou non de módulos libres, tendo sempre carácter preferente, aqueles proxectos empresariais que proveñan de empresas de nova creación nos termos sinalados no punto VI 1.
- No caso de existir módulos libres, emplazarase ao solicitante para que no prazo máximo de 5 días hábiles, presente no Rexistro do Concello, a seguinte documentación:
  - Memoria do proxecto. A tal efecto o Concello da Estrada proporcionará aos interesados un modelo de Memoria orientativo, non obstante o cal, os aspirantes poderán engadir ou xuntar calquera documento, plano, boceto etc, que permita unha mellor valoración da súa idea empresarial.
  - Documentación persoal, tanto do solicitante como dos eventuais socios, partícipes e/ou integrantes do proxecto, composta por:
    - Fotocopia do DNI.
    - Fotocopia da escritura pública de constitución,
    - Modelo 036/037.
    - Vida laboral.
    - Certificado de estar ao corrente dos pagos coa Comunidade Autónoma de Galicia, a Axencia Tributaria, a Seguridade Social e o Concello da Estrada.
    - Declaración data prevista de inicio da actividade.
- Comprobada a documentación, e sendo correcta, o solicitante, deberá confirmar o seu interese polo módulo asignado, firmando o contrato de cesión co Concello da Estrada nun prazo non superior a 15 días hábiles dende a comunicación polo responsable do Viveiro. No caso de non ser así, entenderase que renuncia á solicitude.
- No caso de que non existisen módulos libres no momento da solicitude, o responsable do Viveiro informará aos solicitantes sobre o prazo aproximado no que poden quedar módulos libres e ofertaráselle a posibilidade de formar parte dunha lista de espera, seguindo o procedemento indicando anteriormente.

### **D. Duración**

Para o caso de empresas de recente creación ou xa constituídas, filiales, delegacións, sucursais, fundacións, asociacións, federacións, clusters ou calquera outra entidade de base asociativa de carácter empresarial, a duración do contrato, establececese por un prazo de DOUS ANOS a contar dende o día da súa firma, prorrogables por vontade das partes previa solicitude cun mes de antelación á finalización do contrato por un período máximo de 12 meses.

Para o caso de empresas en proxecto, a duración do contrato de prestación de servizos e uso das instalacións comúns do Viveiro de Empresas, establececese por un período de TRES MESES a

contar dende o día da súa firma. Acreditada a constitución da empresa e a viabilidade do proxecto, poderá asinarse o contrato pola vía ordinaria ( prazo inicial de dous anos, máis 12 meses de prórroga), previo acordo da Comisión Executiva e de Seguimento.

En todo caso, dita prórroga estará supeditada ao nivel de ocupación do Viveiro e á existencia de módulos libres.

### **E. Pago prezo público**

A taxa por ocupación das oficinas do Viveiro de Empresas fixase en 50 euros/mes.

As cuotas liquidaranse mensualmente. O Técnico encargado do Viveiro de Empresas formará unha lista cobratoria cada mes que se someterá á aprobación do Sr. Alcalde Presidente deste Concello ou órgano delegado polo mesmo.

O pago farase efectivo dentro dos primeiros cinco días de cada mes.

Como garantía aboarase o importe de dúas mensualidades.

A Estrada, 10 de xuño de 2016.

O Alcalde

José López Campos